



DOMINGO, 20 DE OUTUBRO DE 2019

XIX RUTA CHAIREGA

Por terras de... XERMADE

RUTA DO RÍO TRIMAZ

Saída ás 9:30 da Casa da Cultura

XIX RUTA CHAIREGA
POR TERRAS DE... XERMADE
RUTA DO RÍO TRIMAZ

DOMINGO
20 OUTUBRO

SAÍDA
As 9:30, en autobús,
dende a Casa da Cultura

XANTAR
Restaurante O PASO
Candamil

INSCRICIÓN
A calquera membro
da Xunta Directiva do
IESCHA, ata o xoves,
16 de outubro, ás 20h.
estudoschiregos@gmail.com

PREZO
ADULTOS
20 € (comida+autobús)
NENOS/AS (acompañados)
5 € (comida+autobús)

IESCHA
Instituto de Estudos Chairégos
VILALBA

O domingo, día **20 de outubro de 2019**, o Iescha organiza a **XIX RUTA CHAIREGA** que recorrerá nesta ocasión as terras de **Xermade**, pola **Ruta do Río Trimaz**.

DESCRICIÓN

Comezamos o percorrido con saída no **Chao**, en **Cabreiros**, desde a musealización da antiga Igrexa parroquial de **Santa Mariña de Cabreiros**, onde se atopan os arcos e outros elementos da antiga igrexa; para seguir até atopar o **Río Trimaz** na **Ponte da Acea**, preto da área recreativa da **Acea** e o campo de fútbol. Desprazámonos logo río arriba pola marxe esquerda, superando o **Rego Chancelos** ou **Portosouto**. Bordeando o río, entre vexetación autóctona, chegamos á **Ponte de Isabel II**, construída en tempos da raíña, cara ao ano 1863, para salvar o río ao paso da estrada **Rábade-Ferrol**. Preto atopamos a ponte sobre a estrada no seu novo trazado, e seguindo, río arriba, pasamos por debaixo da **Autovía AG-64 Ferrol-Vilalba** e vemos o antigo **Muíño da Madeira**, agora rehabilitado. Pola **Ponte da Madeira** cambiamos de lado para seguir río arriba até a **Presa do Feal** e atopar logo a **ponte do Aruxo**. Continuamos a ruta seguindo o cauce do **Rego dos Caxigás** vendo na marxe dereita o antigo **muíño de Cabreiros**, unha ponte de pedra e logo o **Muíño do Ferreiro**, que ademais do muíño conserva unha antiga **Moa**. Bordeando a canle do muíño, seguimos e desvíamonos polo **camiño vello da Carballosa**, disfrutando da vistosidade das **fragas do San Vitorio** ou **da Carballosa**. De chegado á cima iniciamos a baixada ao longo do **monte do Espiño** para buscar a **Fonte da Santa Mariña** onde, según conta a lenda, foi martirizada a santa, brotando tres mananciais donde caeu a súa cabeza ao ser decapitada. Achegámonos cara ao punto de partida non sen antes visitar o impresionante **castro** que conserva vestixios do Xermade galaico-romano, por proceder a súa construción da primeira época romana. Cruzamos outra vez a **autovía AG-64** para chegar de novo ao núcleo do **Chao**, inicio e fin desta ruta circular. Total aproximado do percorrido: **10 km**.

Ao finalizar a ruta, terá lugar a comida, nesta ocasión será servida no **restaurante O Paso**, en Candamil.

(Menú: Callos-Secreto Ibérico-Postre-Bebida-Café)

A cuota que haberá que pagar será de **20 €** por adulto (menores acompañados, **5€**) (inclúe a comida e o autobús).

O traslado dos participantes farase en autobús dende Vilalba ata o inicio da ruta, saíndo das inmediacións da Pravia (Casa da Cultura) ás **9:30** horas e retornando á tardiña.

Os/as interesados/as poden apuntarse contactando con calquera membro da Xunta Directiva do **IESCHA**, ou por correo electrónico (estudoschiregos@gmail.com), como moito, ata **xoves, día 17 de outubro, ás 20:00** horas.

